



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE TRES DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E DOUS
(ACTA NÚMERO 20)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventor:

D. Manuel Roel Hernández-Serrano

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **tres de xuño de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventor don Manuel Roel Hernández-Serrano, Interventor Adxunto.

Non asisten a Sra. Deputada dona Mayra García Bermúdez e os Srs. Deputados don Pablo Rivera Capón e don José Luis Raposo Magdalena.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SETE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de maio de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente da póliza de responsabilidade civil xeral ao servizo da Deputación Provincial de Lugo.

Antecedentes:

Memoria xustificativa do contrato e orden de inicio, con CSV: IV7DTUJ4DUG6TDMN6MXVEBQWOI.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7DTUJS3F64V7J6CUQSP5AEB4.

Informe de Intervención relativo á existencia de crédito con CSV: IV7D4T3MDDWKVWRDW4YQGB36KM.



Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV:
IV7D4QB5ED6LXPE76IESLZIOOA.

Informe xurídico, conformado polo Secretario Xeral, con CSV:
IV7D4QALDPWPX7Z3UQHXMUQRF4.

Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da póliza de responsabilidade civil xeral ao servizo da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- O prazo de duración do contrato é de UN ANO, con entrada en vigor a partir de las 00.00 horas do día 31 de agosto de 2022, con independencia da data en que se formalice ao tratarse de un contrato privado, suxeito en canto aos efectos e cumprimento ao dereito privado e singularmente á Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contratos de seguro.

O contrato poderá prorrogarse , se ben a prórroga non poderá superar os 12 meses (1 ano), cada vez que se efectúe, puidendo prorrogarse en tres ocasións , sen que a duración total do contrato exceda dos 4 anos.

3º.- Aprobar o contido íntegro do expediente incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade- prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como criterio de puntuación, así como a obtención de melloras na prestación a través das ofertas realizadas polos licitadores.

4º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

5º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 98.651 €, IVE exento, e financíase con cargo á Aplicación Orzamentaria 9200.224 (Administración Xeral, Primas de Seguros) segundo informe emitido por Intervención con CSV: IV7D4T3MDDWKVWRDW4YQGB36KM.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE GAS PROPANO CANALIZADO CON DESTINO AO CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE MEIRA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vistos os antecedentes que se relacionan a continuación:

Memoria xustificativa do contrato con CSV: IV7CGXACZABDTCZ5YLUXHZZXG4¹.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7CGXACDYWZYT65YZYWAQQGMY.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7CEHLZZL6P4TOD4YOHIQTOII.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV:
IV7DWTPZIEHYRPW3ANVVJY7QLY.

Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV:
IV7DWTP7GD5JYT7Z6X4XCFIWGI.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV:
IV7DWXH2OBZ2TOVZYANGARJUL4.

Publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 04/05/2022, onde se indica que o prazo para a presentación de ofertas finaliza o día 19/05/2022 ás 23:59 horas.

Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 20 de maio de 2022, na que se recolle o seguinte:

“A Mesa comproba que non se presentou ningunha oferta a través da Plataforma de Contratos do Sector Público.

Visto que non hai ofertas admisibles, a Mesa acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación declarar deserta a licitación da contratación da subministración de gas propano canalizado con destino ao centro de atención ás persoas maiores de meira. 2022/CON_02/000024”.

E tendo en conta que o contido e a tramitación foi conforme coa normativa de aplicación, e en virtude da competencia que corresponde ao órgano de contratación, e a vista do exposto, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Declarar deserto o procedemento 2022/CON_02/000024, contratación da subministración de gas propano canalizado con destino ao centro de atención ás persoas maiores de Meira, á vista da proposta da mesa de contratación de 20 de maio de 2022, na que se acordou elevar ao órgano de contratación a declaración de deserto do procedemento, por non se ter presentado ningunha oferta.

2º.- Publicar este acordo na Plataforma de Contratos do Sector Público e dar traslado do mesmo ao Servizo de Benestar Social e Igualdade aos efectos do seu coñecemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO PATROCINIO DO FESTIVAL DE MÚSICA *RESURRECTION FEST*.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a acta da mesa de contratación, na que se recolle os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Proposta de inicio de expediente de contratación con CSV: IV7DUKRMZFM47ZOTTTWT6NZWAY.

Memoria xustificativa do contrato e necesidade da contratación, con CSV: IV7DVT7YHF6TZ7UL2TWX65JGCQ.

Informe de retorno económico con CSV: IV7DUKS2DJJOV6MDYPU5M5A65Y.

Informe de insuficiencia de medios, con CSV: IV7DUKR3P4JKVOVCXTYMKJC7MU.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7DUKRNNU57TH5LRRY4FZH7GI.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7DUK34BFM4ZFFDDQ6QCJKVHY.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7DWXB6DX7LKXU7SJQSMFKHEI.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7DWXAKCA53ZFP6CAXMLZ3WE4.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7DWXLZDV7D5D7IZRPAAERTMU.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7DW2L2NMBK6RHMRUWRH5DBKQ.

Acordo da Xunta de Goberno de data 29 de abril de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7DWHX5BRP2XXN3DRPHLYTGP4.



Acta da Mesa de Contratación do día 05 de maio de 2022, con CSV IV7DWPC7PI43RCRMYMUNGIZ6OY, que recolle o seguinte:

“Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, o licitador convidado a este procedemento e que presentou a oferta foi Old Navy Port Producciones, S.L.

Infórmase aos membros da Mesa de Contratación, que a documentación administrativa presentada polo licitador, consta correcta tanto en forma coma en prazo, polo que a Mesa de Contratación acorda admitir a proposta ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do sobre B (sobre electrónico), relativo aos criterios de adxudicación avaliados de forma automática-Fase 1, resultando que oferta unha porcentaxe de baixada sobre o orzamento base de licitación dun 0 %

Visto canto antecede, a Mesa de contratación acorda, por unanimidade dos presentes, iniciar a Fase de Negociación (Fase 2), de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite. O convite cursarase por medios electrónicos, á dirección que o contratista habilite a efectos de notificación preferentemente a través da plataforma de contratos do sector público.

Na rolda de negociación, o licitador deberá presentar a través da plataforma de contratos do sector público ou, de non ser posible, por sede electrónica da Deputación de Lugo, no prazo máximo de tres días hábiles, a documentación obxecto de negociación.”

Acta da Mesa de Contratación do día 11 de maio de 2022, con CSV: IV7DQ3XLHZFLUXPCXU55MR2RDY, que recolle o seguinte:

“Deuse conta que na Mesa celebrada o día 05 de maio do 2022, acordouse iniciar a Fase de Negociación (Fase 2), de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite.

Acto seguido procédese á apertura da oferta que o licitador Old Navy Port Producciones, S.L. presentou en prazo resultando da súa apertura o que se indica a continuación:

Comprométese a facilitar á Deputación de Lugo 25 pases VIP.

Comprométese á impresión e instalación dunha zona de descanso en zona non preferente con imaxes promocionais da provincia de Lugo, facilitadas pola Deputación (tamaño aproximado 10-15 m2).

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Requirir á empresa Old Navy Port Producciones, S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relacionan acto seguido ou autorice á Deputación de Lugo a reter en concepto de garantía o importe especificado (segundo o Anexo IV do PCAP), significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

PREZO DE ADXUDICACIÓN	IMPORTE DA GARANTÍA
123.966,94 € euros	6.198,35 euros

(...)”

Reunida a Mesa de Contratación a día de hoxe, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público e da sede electrónica da Deputación Provincial de Lugo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente, dentro do prazo concedido a tales efectos.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o



integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Old Navy Port Producciones, S.L a contratación do patrocinio do festival de música Resurrection Fest 2022, por un importe de 123.966,94 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 26.033,06 €, o que fai un total de 150.000,00 €. A empresa adxudicataria oferta sen custo para a administración contratante:

25 pases VIP.

Impresión e instalación dunha zona de descanso en zona non preferente con imaxes promocionais da provincia de Lugo, facilitadas pola Deputación (tamaño aproximado 10-15 m2)

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Old Navy Port Producciones, S.L a contratación do Patrocinio do festival de música Resurrection Fest 2022, por un importe de 123.966,94 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 26.033,06 €, o que fai un total de 150.000,00 €. A empresa adxudicataria oferta sen custo para a administración contratante:

25 pases VIP.

Impresión e instalación dunha zona de descanso en zona non preferente con imaxes promocionais da provincia de Lugo, facilitadas pola Deputación (tamaño aproximado 10-15 m2)

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar ao interesado a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

4º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo ao interesado.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS DE DIVERSAS OBRAS DO PLAN ÚNICO 2022

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Ribadeo, solicitando modificación do proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Ribadeo no que solicita a modificación do proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:



1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28-12-2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10-01-2022.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada en data 05/04/2022, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
RIBADEO	218	PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS DE PALMEIRA, CAPELA (OVE); CAMPOXURADO E IGREXA (VILASELÁN); OUTEIRO (PIÑEIRA); REGUEIRAL (VILAFRAMIL); VILANDRIZ-VILAGUIZ E A ROCHELA (DEVESA)	123.006,56 €	142.186,08 €	265.192,64 €
RIBADEO	219	PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS DE AS ANZAS (COVELAS); BARREIROS A SAN VICENTE (COVELAS E CEDOFEITA); REQUIANDE (CEDOFEITA); AS PEREIRIÑAS, REMOURELLE, CEI (ARANTE); SANTALLA E FORNELO (COUXELA)	162.869,44 €	142.186,08 €	305.055,52 €

4. O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III ou IV relativos á adxudicación das obras.

5. A Alcaldía do Concello de Ribadeo a través de escrito de data 27/05/2022 solicita:

a) A modificación dos proxectos dos investimento incluído inicialmente no Plan Único 2022, concretamente o investimentos nº 218 e 219, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “....situación de subidas continuadas dos prezos das materias primas...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
RIBADEO	218	PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS DE PALMEIRA, CAPELA (OVE); CAMPOXURADO E IGREXA (VILASELÁN); OUTEIRO (PIÑEIRA); REGUEIRAL (VILAFRAMIL); VILANDRIZ-VILAGUIZ E A ROCHELA (DEVESA)	169.282,88 €	142.186,08 €	311.468,96 €
RIBADEO	219	PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS DE AS ANZAS (COVELAS); BARREIROS A SAN VICENTE (COVELAS E CEDOFEITA); REQUIANDE (CEDOFEITA); AS PEREIRIÑAS, REMOURELLE, CEI (ARANTE); SANTALLA E FORNELO (COUXELA)	203.534,57 €	142.186,08 €	345.720,65 €

6. A base 14, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/ substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2022, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de Ribadeo que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2022.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Ribadeo, e en consecuencia, aprobar a modificación de proxectos de investimentos relativos ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2022 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:



CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
RIBADEO	218	PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS DE PALMEIRA, CAPELA (OVE); CAMPOXURADO E IGREXA (VILASELÁN); OUTEIRO (PIÑEIRA); REGUEIRAL (VILAFRAMIL); VILANDRIZ-VILAGUIZ E A ROCHELA (DEVESA)	169.282,88 €	142.186,08 €	311.468,96 €
RIBADEO	219	PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS DE AS ANZAS (COVELAS); BARREIROS A SAN VICENTE (COVELAS E CEDOFEITA); REQUIANDE (CEDOFEITA); AS PEREIRIÑAS, REMOURELLE, CEI (ARANTE); SANTALLA E FORNELO (COUXELA)	203.534,57 €	142.186,08 €	345.720,65 €

2º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba para cooperar no financiamento do “Festival independente de Vilalba”. Ano 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente de establece o seguinte:

“Asunto: Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba para cooperar no financiamento do “Festival independente de Vilalba”. Ano 2022.

Visto o escrito remitido dende o Concello de Vilalba (EXP 2022/PES_03/008886) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no financiamento di “Festival Independente de Vilalba”, no 2022, por importe estimado total de 358.168,50 € (dos que os 20.000,00 € serán financiados pola Deputación de Lugo e 338.168,50 € serán financiados polo Concello de Vilalba -achega do concello máis outras fontes de financiamento-), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos



obligatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.



Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.
2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.
(...)”.

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

- “1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”.

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).



A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...”e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Vilalba, consonte ao artigo 25 da LRBRL:

“Para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas

seguintes materias: (...) h) información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local, (...) m) Promoción da cultura e equipamentos culturais (...).”.

Terceira.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Cuarta.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.



Quinta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 20.000,00 €, na aplicación orzamentaria 4320.46200 do vixente orzamento xeral.

Sexta.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020).

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente”” .

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no financiamento do “Festival Independente de Vilalba”, ano 2022, por importe total estimado de 358.168,50 €.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 20.000,00€ para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 4320.46200.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta relativa ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación de comerciantes, empresarios, profesionais, gandeiros e autónomos de mumenta, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “XXX Edición concurso de gando frisón - FEFRIGA 2022”, na anualidade 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Asociación de comerciantes, empresarios, profesionais, gandeiros e autónomos de Mumenta, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “XXX Edición Concurso de gando frisón - FEFRIGA 2022”, polo importe de 25.000,00€, correspondente á anualidade 2022, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que a concesión directa da subvención ampara-se nalguna das normas que, segundo a normativa vixente, habilitan para utilizar este procedemento.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Acreditación de que o beneficiario atópase ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Declaración responsable do representante da entidade de que a mesma cumpre cos requisitos establecidos nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne tódolos requisitos para optar á subvención, conformado pola Presidencia.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral, e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende subvencionar encaixa dentro da Liña 1.1- Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, contribuíndo á consecución do seu obxectivo estratéxico de conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización, en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital, etc.).

En concreto, a actuación a subvencionar enmárcase dentro das previsións do apartado c) de actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2022 da Liña 1.1 - Xeración de



riqueza, da Área de Presidencia, do vixente anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2022.

O obxecto que se persegue con esta subvención é fomentar a constitución e o mantemento de entidades que agrupan a colectivos diversos da sociedade, e que desenvolven actuacións que redundan en beneficios para o propio colectivo e para a sociedade en xeral. En definitiva, entidades e actuacións de carácter colaborativo e participativo, cuxas actividades promovidas e desenvoltas contribúen a xeración de riqueza para a sociedade e o territorio provincial, no seu conxunto, entendida esta riqueza no seu aspecto máis amplo.

Neste caso, trátase de apoiar o desenvolvemento dunha actuación promovida por unha entidade que agrupa ao colectivo dos empresarios, profesionais, gandeiros e autónomos dunha comarca do rural, con repercusión e transcendencia nos sectores agrícola, gandeiro e relacionados, a nivel galego, e por ende, provincial, como elemento xerador de riqueza para o territorio, entendida esta riqueza no seu aspecto máis amplo (económico, social, turístico, cultural, etc).

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 25.000,00€, a favor da entidade Asociación de comerciantes, empresarios, profesionais, gandeiros e autónomos de Mumenta, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “XXX Edición Concurso de gando frisón - FEFRIGA 2022”, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2022 para esta liña (Anexo I).

2º.- Aprobar o gasto de 25.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.48911 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, a favor da entidade Asociación de comerciantes, empresarios, profesionais, gandeiros e autónomos de Muimenta, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “XXX Edición Concurso de gando frisón - FEFRIGA 2022”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ourol para a “Celebración do X Festival do aturuxo” (Anualidade 2022).*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Turismo que se transcribe:

(....)

“En relación cos escritos, presentados por don José Luis Pajón Camba con NIF: ***3964**, en nome e representación do Concello de Ourol, con CIF: P-2703800-I, con data 10/05/2022 (RE, nº: 2022RPE008064), mediante os que solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público- público) para a realización conxunta polo Concello de Ourol e a Deputación Provincial de Lugo dunha actividade na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común da “Celebración do X Festival do Aturuxo”, procede emitir o seguinte informe:

Fundamentos xurídicos.

1. A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para a “Celebración do X Festival do Aturuxo” enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado



nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48. 9 da LRXSP).

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa transparencia, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

2. A Memoria explicativa e xustificadora da solicitude sinala que os fins comúns de subscripción do convenio interadministrativo se refiren a celebración do X Festival Aturuxo na anualidade 2022, na procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promovendo actividades e prestando servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, no que constitúe un proxecto creado para fomentar e dinamizar o medio rural, e para promocionar o territorio cunha riqueza natural, xeolóxica, patrimonial e cultural da parroquia de Bravos no concello de Oural, así como poñer en valor os recursos do territorio e transmitir os valores interxeracionais as xeracións mais novas. O Concello, aposta polo turismo,

sendo proba de elo que durante os últimos anos foron varias as accións que se levaron a cabo no municipio, como cursos, xornadas, exposicións, obradoiros de paisaxes, ou calendarios promocionais.

O X Festival Aturuxo, celebrárase durante os días 29 e 30 de Xullo de 2022. O Aturuxo é un festival que se celebra nunha pequena parroquia do Concello de Ourol, chamada Bravos, na que é posible levar a cabo un proxecto importante e novidoso, creado para fomentar e dinamizar o medio rural e para promocionar un territorio cunha riqueza natural, xeolóxica, patrimonial e cultural que fan desta parroquia do Concello de Ourol un lugar magnífico para descubrir e atraer visitantes doutros lugares da provincia e do resto de Galicia. Bravos localízase nas inmediacións da Serra do Xistral, un lugar cunha riqueza natural e xeolóxica moi importante e que determina as características morfolóxicas de toda a zona. A riqueza natural e patrimonial de esta ubicación física fan da parroquia de Bravos un lugar axeitado potencialmente para a súa promoción territorial e turística, nun territorio do interior da provincia que precisa a posta en marcha e diferentes accións e estratexias para o desenvolvemento social e económico do territorio. Unha de estas accións, coa que se pode promocionar o lugar, e atraer diferentes visitantes para que coñezcan a parroquia e por extensión, tamén o Concello de Ourol, e toda a súa riqueza patrimonial e paisaxística, é o Festival Aturuxo, que xa se ven desenvolvendo dende hai varios anos en Bravos, festival no que participa moi activamente toda a veciñanza do lugar e, de forma destacada, a Asociación Cultural, Recreativa e Deportiva Aturuxeiros de Bravos.

Por outra banda o Concello de Ourol ten unha situación privilexiada na zona da mariña lucense que lle permitiría o fomento do desenvolvemento turístico utilizando os recursos potenciais do territorio. En particular a parroquia de Bravos está situada nas inmediacións da Serra do Xistral; situación de ubicación excepcional que pode ser unha oportunidade mais para atraer visitantes, non só á parroquia de Bravos, senón en todo o Concello de Ourol. Por este motivo, é importante deseñar accións que teñan como finalidade a promoción do territorio utilizando os seus recursos.

O devandito Festival ten por obxecto fomentar e dinamizar o medio rural nun tempo no que o abandono e o avellentamento da poboación están máis presentes que nunca, fomentando a integración social, para mellorar a calidade de vida no rural e dinamizando o medio a través do seu desenvolvemento económico que conlevará a promoción turística,

Efectivamente, da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ourol, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da



Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

3. O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no art. 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Subvencións.

4. En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, resulta de aplicación o artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202, de data 3 de setembro de 2020, que sinala que lle corresponde á Xunta de Goberno aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a; e tendo en

conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00 €, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, atendendo ao importe económico do Convenio.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 20.450,77 € o que representa o 100,00% da actuación para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello de Ourela, de acordo co orzamento previsto, aportará os terreos precisos e tramitará a concesión dos permisos, autorizacións e licencias de competencia municipal para o desenvolvemento adecuado da actuacións, e financiará, no seu caso, o importe que reste, e resulte para dar cumprimento ao fin común perseguido, así como todos os compromisos recollidos no modelo de convenio que consta no expediente.

5. Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ourela para a execución dos fins comúns consistentes na “Celebración do X Festival do Aturuxo” (anualidade 2022). É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.”

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno de Deputación se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ourela para a execución dos fins comúns consistentes na “Celebración do X Festival do Aturuxo” (anualidade 2022) por importe total de 20.450,77 €.

2º.- Aprobar o gasto de 20.450,77 € con cargo á aplicación orzamentaria 4320.46200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, a favor do Concello de Ourela, para sufragar os gastos derivados da “Celebración do X Festival do Aturuxo” (anualidade 2022).”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA RELATIVA AO ALLEAMENTO, POR ADXUDICACIÓN DIRECTA, DA PARCELA DE USO COMERCIAL (CM1) DO POLÍGONO INDUSTRIAL "A GÁNDARA" CONCELLO DE FRIOL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“En data de 8 de marzo de 2022, foi presentado un escrito por D. Eduardo Agruñá López e D. Alberto Agruñá López mediante o que expoñen o seu interese en adquirir a parcela comercial do Polígono Industrial Monte da Gándara en Friol ao prezo de cento oito mil quince euros con cincuenta e tres céntimos (108.015,53€), engadindo que debido a que o que se pretende é a implantación de dúas actividades diferentes nesta parcela, sería necesaria a segregación da parcela en dúas, coas seguintes características:

Parcela CM1 – parcela con 18 metros de fronte pola parte dianteira e traseira, sendo o fondo coincidente coa parcela orixinal.

Parcela CM2 – Resto da parcela.

De acordo co exposto, solicitan a adquisición da parcela referenciada, previa segregación en dúas parcelas e no importe que corresponda a cada unha.

En data de 25 de marzo de 2022, redáctase o Proxecto de Segregación de Solo Urbano da parcela de uso comercial (CM1) do Polígono Industrial “A Gándara” no Concello de Friol, mediante o que se solicita a segregación desta parcela inicial (CM1) que ten unha superficie de dous mil novecentos sesenta e cinco con oitenta e tres metros cadrados (2.965,83m²) en dúas parcelas resultantes:

Parcela CM1 – parcela cunha superficie de mil dezanove con trinta e tres metros cadrados (1.019,33m²).

Parcela CM2 – parcela cunha superficie de mil novecentos corenta e seis con cincuenta metros cadrados (1.946,50m²).

Este Proxecto de Segregación foi aprobado mediante Decreto de Presidencia, de data de 12 de abril de 2022, e remitido ao Concello de Friol, para a tramitación da correspondente licenza de segregación.

En data de 2 de maio de 2022, a Xunta de Goberno do Concello de Friol acorda a autorización desta operación de segregación, circunscribíndose ao ámbito urbanístico, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros.

En data de 18 de maio de 2022 foi comunicada aos solicitantes a concesión da correspondente licenza de segregación, solicitándolles que se concretaran os datos de cada un dos adxudicatarios, así como a forma de pago das parcelas, comunicándose, polos mesmos, na mesma data, os seguintes datos:

“A parcela CM1 – a persoa que solicita ser adxudicataria é Eduardo Agruñá López, co DNI 33.547.501T e será pago ao contado.

A Parcela CM2 – A parcela que solicita ser adxudicataria é Ana Belén Prieto Iglesias co DNI 33.537.446L e será pagada mediante a financiación ofrecida pola Deputación.”

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de agosto de 2021, acordou iniciar a tramitación do procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial “A Gándara”, no Concello de Friol, mediante poxa, aprobando o prego de cláusulas administrativas reitor deste procedemento, que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia, número 204, de data de 4 de setembro de 2021.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión celebrada o día 1 de outubro de 2021, acordou a adxudicación da parcelas do Polígono Industrial “A gándara” do Concello de Friol



aos interesados que se presentaron neste procedemento, de acordo co disposto no prego reitor do procedemento.

A parcela comercial (CM1) do Polígono Industrial “A Gándara” no Concello de Friol non foi adxudicada neste procedemento e ten un prezo de licitación , publicado no Boletín Oficial da Provincia referenciado, de cento oito mil quince euros con cincuenta e tres céntimos (108.015,53€) máis IVE.

De acordo co exposto, o importe que corresponde a cada unha das parcelas, tendo en conta o prezo de licitación e a superficie de cada unha, é o seguinte:

Parcela CM1 – Parcela cunha superficie de mil dezanove con trinta e tres metros cadrados (1.019,33m²) , o importe é de trinta e sete mil cento vinte e catro euros (37.124,00€) máis IVE.

Parcela CM2 – Parcela cunha superficie de mil novecentos corenta e seis con cincuenta metros cadrados (1.946,50m²) o importe é de setenta mil oitocentos noventa e un euros con cincuenta e tres céntimos (70.891,53€) máis IVE.

O prego de condicións que rexe no procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial “A Gándara”, no Concello de Friol, recolle na súa cláusula 20 :

“No caso de quedar vacante o alleamento da parcela, a Deputación poderá acordar a súa adxudicación directa ao mesmo prezo de licitación e coas mesmas condicións e obrigacións”.

Visto o informe emitido pola Sección de Patrimonio, en data de 26 de maio de 2022, con CSV IV7DSHH5H56TX2GJ6J6WCDRWMM.

Visto o informe emitido pola Intervención, en data de 31 de maio de 2022, con CSV IV7DTUB6PFNC32ZSXTXA65QXL4.

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno:

1º.- Aprobar o alleamento, mediante adxudicación directa, da parcela de uso comercial (CM1) do Polígono Industrial “A Gándara” do Concello de Friol, cunha superficie de mil dezanove con trinta e tres metros cadrados (1.019,33m²) a D. Eduardo Agruñá López, por importe de trinta e sete mil cento vinte e catro euros (37.124,00€) máis IVE, con pago ao contado.

2º.- Aprobar o alleamento, mediante adxudicación directa, da parcela de uso comercial (CM2) do Polígono Industrial “A Gándara” do Concello de Friol, cunha superficie de mil novecentos corenta e seis con cincuenta metros cadrados (1.946,50m²) a Dna. Ana Belén Prieto Iglesias, por importe de setenta mil oitocentos noventa e un euros con cincuenta e tres céntimos (70.891,53€) máis IVE, con pago financiado a cinco anos e cota mensual.

3º.- Formalizar a correspondente escritura de segregación e compraventa das parcelas de uso comercial CM1 e CM2 a favor de D. Eduardo Agruñá López e Dna. Ana Belén Prieto Iglesias, respectivamente.

4º.- Proceder a dar de baixa no Libro Inventario de Bens desta Deputación Provincial a parcela uso comercial do Polígono Industrial de “A Gándara”, no Concello de Friol.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA RELATIVA Á CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO DE CONCORRENCIA PÚBLICA, DA VENDA DE LEITE CRU PRODUCIDA NA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Tendo en conta que por acordo da Xunta de Goberno celebrada o 11 de marzo de 2022 declarouse deserto o procedemento de concorrência pública da venda de leite cru producida na Granxa Provincial Gayoso Castro tramitado baixo o número de expediente 2021/XEC_01/000130.



Tendo en conta que con data do 24 de marzo de 2022 baixo o CSV IV7CEWSDLIO63H4KSUYVLZYXCA o Deputado Delegado da Area de Recursos Sostibles determina que a Granxa Provincial Gayoso Castro dependente da Deputación Provincial de Lugo conta cunha explotación de gando vacún de leite, con código REGA ES270100183701 que acolle a Unidade de Leite da Granxa Experimental do Campus Terra, que produce arredor de 434.373 kg. de leite ao ano, que resulta preciso comercializar , por ser o leite un produto perecedeiro que non é posible almacenar nin transformar nas instalacións da Granxa Provincial polo que resulta urxente e necesario iniciar un novo procedemento para a contratación , mediante concurso, para a recollida e venda do leite cru producido na Granxa Provincial Gayoso Castro da Deputación de Lugo en cumprimento da normativa vixente na materia.

Tendo en conta os antecedentes e consideracións técnico xurídicas sinaladas pola directora da Granxa Provincial o 24 de marzo de 2022 baixo o CSV IV7CEWSCF4EZZLFOAHXT77XOD.

Tendo en conta as cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que rexerán o presente procedemento de concorrência pública e adxudicación por concurso redactado o 6 de abril de 2022 baixo o CSV IV7CG3APZBRSRL632BVACNQPAE.

Aos efectos da aprobación do presente procedemento redactase o informe asinado pola Secretaría Xeral Sección de Patrimonio con data do 26.04.2022 baixo o CSV IV7DVXS3LBZNX7EPUBMDI7QV64 e no que expresa, entre outros, que a tramitación do procedemento fórmulase polo procedemento de concorrência e adxudicación por concurso atendendo á consecución doutros fins de carácter público e social previstos no prego das cláusulas reitoras do presente procedemento que relegan a exclusividade da rendibilidade económica e estima que se respectan todos os requisitos esixidos pola normativa de aplicación para aprobar a convocatoria publica e as bases que rexerán no dito procedemento para a contratación da venda de leite cru producida na Granxa Provincial Gayoso Castro.

Consta informe da Intervención Provincial de data 25.05.2022 con CSV IV7DSDX3BVBOJGEDZRGCAVHEOU que non presenta inconveniente á tramitación do devandito procedemento.

Polo exposto, e segundo o artigo 59.10 do Regulamento Orgánico desta Deputación e consonte co artigo 114 do Real Decreto 1372/1986 que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, proponse á Xunta de Goberno:

1º.- Aprobado o procedemento de concorrencia pública e adxudicación por concurso da venda de leite cru producida na Granxa Provincial.

2º.- Aprobado o prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento de concorrencia pública e adxudicación por concurso da venda de leite cru producida na Granxa Provincial.

3º.- Proceder á publicación das bases que regularán o devandito procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS TARIFAS DE PREZOS PÚBLICOS QUE RIXEN PARA A MATRÍCULA E PARA REPETIDORES DOS CICLOS DE GRADO SUPERIOR DE PRODUCCIÓN DE AUDIOVISUAIS E ESPECTÁCULOS E DE REALIZACIÓN DE PROXECTOS AUDIOVISUAIS E ESPECTÁCULOS DO SERVIZO DE AUDIOVISUAIS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Visto o informe do Interventor adxunto.

Logo de ver o informe asinado pola Xefa de Servizo de Audiovisuais e do Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, emétese o seguinte informe:

O mencionado Informe fai mención a:



“... As matrículas dos Ciclos Formativos de Grado Superior impartidos polo Servizo, dende o ano 2007, son totalmente gratuítas, agás os repetidores, a fin de que calquera alumno, por escasa que sexa a súa capacidade económica, poida obter os necesarios coñecementos sobre as materias que se imparten. Buscando o interese por parte do alumnado no aproveitamento dos coñecementos que se imparte de forma gratuíta, na sesión do Padroado celebrado o día 19 de novembro de 2012 e publicado no BOP de Lugo de 4 de xullo de 2013, acórdase que os alumnos repetidores aboen unha matrícula de 600 €.

“Visto que os cursos dos Ciclos formativos impartidos por esta Fundación son gratuítos, a fin de calquera alumno, por escasa que sexa a súa capacidade económica, poida obter os necesarios coñecementos sobre as materias que se imparten. Visto que a postura adoptada pola Fundación sobre a mencionada gratuidade ten que ter correspondencia por parte de alumno o seu interese no aproveitamento dos coñecementos que se imparten, pola Dirección da Fundación propónse que se adopte acordo no sentido de que aos que teñan que repetir curso se lles cobre unha matrícula, máis ben de carácter simbólico, de 600 €. O Padroado, co voto a favor de todos os membros asistentes, acordou prestar aprobación á proposta da que xa deixa feito méritos.”

É todo en canto proceder a informar, sobre a gratuidade da primeira matrícula e a de abono para os alumnos repetidores da tarifa sinalada e vixente, segundo o exposto, para os Ciclos de Grao Superior de Produción de Audiovisuais e espectáculos e de Realización de Proxectos Audiovisuais e Espectáculos deste servizo. ...”

A proposta é relativa á gratuidade da primeira matrícula e a de abono para os alumnos repetidores da tarifa sinalada e vixente. Do estudo do expediente non se aprecia a existencia de actos que recoñezan obrigas de contido económico polo que o expediente non está sometido a fiscalización previa.

En canto aos ingresos que puidesen xurdir no futuro, non procede a fiscalización previa de dereitos que é substituída pola toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría segundo a regulación da base 36 de execución do orzamento.

Segundo os antecedentes que obran nesta Intervención o Padroado da extinta Fundación para o desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) aprobou en sesión celebrada o día 19 de novembro de 2012 o importe da matrícula dos ciclos formativos da TIC (publicado no BOP nº 152, de 4 de xullo de 2013) e nos acordos do Pleno da Deputación de Lugo e da Fundación TIC no que se aprobaba a extinción da Fundación establecíase a sucesión universal de todas as obrigas, contratos, bens e dereitos da Fundación TIC, polo que se entende que as tarifas aprobadas son de aplicación, non obstante como xa se recomendou en pasados informes, debería tramitarse expediente de importe de matrícula para a súa aprobación polos órganos competentes da Deputación de Lugo.

Vista a solicitude de aprobación da Xefa do Servizo.

Que a extinta Fundación TIC contaba cunha Escola de Imaxe e Son (CPRTIC) na que se impartían os ciclos formativos de grao superior de produción de audiovisuais e espectáculos e de realización de proxectos audiovisuais e espectáculos, autorizados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a través da Orde do 17 de decembro de 2003, publicada no DOGA do venres, 2 de xaneiro de 2004.

Coa subrogación da actividade e do persoal da Fundación TIC por parte da Deputación de Lugo, con efectos de 1 de xaneiro de 2019, creouse un novo servizo de Audiovisuais, no que se integrou a actividade e o persoal da extinta Fundación TIC cuxo obxectivo é servir de ferramenta para a formación, produción e promoción en materia audiovisual.

O procedemento de admisión do alumnado para os ciclos de grado superior é igual ao que se levaba a cabo na extinta Fundación TIC e tamén é igual ao da Xunta de Galicia.

As matrículas dos Ciclos Formativos de Grado Superior impartidos polo Servizo, dende o ano 2007, son totalmente gratuítas, agás os repetidores, a fin de que calquera alumno, por escasa que sexa a súa capacidade económica, poida obter os necesarios coñecementos sobre as materias que se imparten.



Buscando o interese por parte do alumnado no aproveitamento dos coñecementos que se imparte de forma gratuíta, na sesión do Padroado celebrado o día 19 de novembro de 2012 e publicado no BOP de Lugo de 4 de xullo de 2013, acórdase que os alumnos repetidores aboen unha matrícula de 600 €.

“Visto que os cursos dos Ciclos formativos impartidos por esta Fundación son gratuítos, a fin de calquera alumno, por escasa que sexa a súa capacidade económica, poida obter os necesarios coñecementos sobe as materias que se imparten.

Visto que a postura adoptada pola Fundación sobre a mencionada gratuidade ten que ter correspondencia por parte de alumno o seu interese no aproveitamento dos coñecementos que se imparten, pola Dirección da Fundación proponse que se adopte acordo no sentido de que aos que teñan que repetir curso se lles cobre unha matrícula, máis ben de carácter simbólico, de 600 €.

O Padroado , co voto a favor de todos os membros asistentes, acordou prestar aprobación á proposta da que xa deixa feito méritos.”

É todo en canto proceder a informar, sobre a gratuidade da primeira matrícula e a de abono para os alumnos repetidores da tarifa sinalada e vixente, segundo o exposto, para os Ciclos de Grao Superior de Produción de Audiovisuais e espectáculos e de Realización de Proxectos Audiovisuais e Espectáculos deste servizo.

En consecuencia con todo o exposto, proponse a Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a proposta relativa sobre a gratuidade da primeira matrícula e a de abono para os alumnos repetidores da tarifa sinalada e vixente, segundo o exposto, para os Ciclos de Grao Superior de Produción de Audiovisuais e espectáculos e de Realización de Proxectos Audiovisuais e Espectáculos deste servizo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DUNHA ENTIDADE Á PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA COÑECE A TÚA PROVINCIA NA ANUALIDADE 2022.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto o escrito presentado por Dona María Jesús Lorenzo Gayoso con DNI ****3724**, en representación da entidade Asoc de Veciños de Carballido –Pacios con NIF G27438993 en data 25/05/2022 e con nº de rexistro de entrada 2022RPE009293 no que renuncia á participación no Programa Coñece a túa Provincia.

Vistas as bases da convocatoria do Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2022), aprobadas en Xunta de Goberno de data 30 de decembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o 17 de xaneiro de 2022.

Visto o acordo de Xunta de Goberno de data 11 de febreiro de 2022 polo que se aproba a listaxe de entidades para a participación no Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2022) e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 12 de febreiro de 2022.

Visto o informe do Servizo de Turismo.

A Deputada- Delegada que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a renuncia da Asoc de Veciños de Carballido –Pacios con NIF G27438993 para a participación no Programa Coñece a túa provincia (anualidade 2022) e manter o dereito desta entidade a participar na seguinte edición do programa atendendo ao sinalado na base 9.8 da Convocatoria.



2º.- Recurrir á lista de entidades admitidas para asignar as prazas concedidas a esta asociación, no momento en que exista dispoñibilidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL, AÑO 2021.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 9 de decembro de 2021, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 293, do 23 de decembro de 2021, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2021; e vistas as renuncias presentadas polos beneficiarios que se indican a continuación, así como o informe do Servizo de Cultura, e a proposta da Vicepresidenta, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indican:

Entidade	Subvención
ASOC. O MUIÑO VELLO DE MATELA	570,00

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN 3 PRAZAS DENOMINADAS AUXILIAR A.X., INCLUÍDAS NAS OFERTAS DE EMPREGO

PÚBLICO DOS ANOS 2019 E 2021, ACCESO LIBRE (1 DA COTA XERAL E 2 DA CUPA DE RESERVA PARA PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES), POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“1.- Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente a/as praza/s do cadro de persoal funcionario que a continuación se indican, vacantes e dotadas orzamentariamente, incluídas nas Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2019 (BOP núm. 299, do 31.12.2019) e 2021 (BOP núm. 296, de 28.12.2021).

2.- Caracterización das prazas.

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA/ Nº POSTO	DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO / SUBGRUPO	COTA
3	2019	778/1143	AUXILIAR A.X / AUXILIAR ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala auxiliar.	C / C2	Reserva para persoas con capacidades diferentes
	2021	978/1722				Reserva para persoas con capacidades diferentes
	2021	955/1635				Xeral

3.- Sistema selectivo.

Con base no disposto no artigo 169.2 do RDL 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local, que establece “O ingreso na Subescala Auxiliar farase por oposición libre (...), o sistema selectivo será o de oposición libre.

4.- Normativa de aplicación.

a) Convocatoria.



O artigo 70 da TREBEP sinala que “As necesidades de recursos humanos, con asignación orgamentaria, que deban proveerse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da Oferta de Emprego Público (...) o que comportará a obriga de convocar os correspondentes procesos selectivos (...). En todo caso, a execución da Oferta de Emprego Público (...) deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos”.

O artigo 91.2 da LBRL sinala que “A selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordó coa Oferta de Emprego Público, mediante convocatoria pública e a través dos sistema de concurso, oposición ou concurso oposición libre nos que se garente, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade mérito e capacidade, así como o de publicidade”.

Neste sentido indicar que as prazas que se pretenden convocar cumprpen todo o sinalado nas leis para poder ser convocadas:

Estar incluídas nas Ofertas de Emprego dos anos 2019 e 2021 publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia números 299 de 31/12/2019 e 296 de 28/12/2021.

Figuran no cadro de persoal funcionario da Entidade como prazas vacantes dotadas.

Non trascorrer o prazo improrrogable de 3 anos para poder ser convocadas.

b) Sistema selectivo.

O artigo 61.6 do TREBEP establece que: “os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición (...). Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso (...).

Real Decreto Lexislativo 781/1986 que no seu artigo 169.2.c) sinala que “O ingreso na Subescala Auxiliar farase por oposición libre (...).

Ao non estar derrogado o establecido no 781/1986, e estarse a falar de Administración Local debe utilizarse a oposición como sistema selectivo.

c) Grupo/ subgrupo e clasificación.

As prazas de Auxiliares figuran encadradas na escala de escala de Administración Xeral, subescala auxiliar cumprindo o sinalado no artigo 22 da LEPG Grupo C, subgrupo C2 (Art. 76 TRLEBEP).

d) Aprobación da convocatoria e bases.

A convocatoria e a aprobación das bases específicas deberá realizarse por acordo da Xunta de Goberno conforme ao establecido no art. 59.5 do Regulamento Orgánico desta Entidade.

As bases xerais que rexerán o proceso selectivo son as aprobadas pola Xunta de Goberno, de data 12/03/2021, e publicadas no BOP número 101 de 6 de maio de 2021.

e) Desenvolvemento do proceso selectivo- persoas con capacidades diferentes.

Artigo 59.1 do TRBLEP, 1. “Nas ofertas de emprego público reservarase unha cota non inferior ao sete por cento das vacantes para ser cubertas entre persoas con discapacidade, considerando como tales as definidas no apartado 2 do artigo 4 do texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, sempre que superen os procesos selectivos e acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas, de modo que progresivamente se alcance o dous por cento dos efectivos totais en cada Administración Pública”.

No Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, sinálase no artigo 4.2 “(...) terán a consideración de persoas con discapacidade aquelas a quen se lles teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. (...)”.

No Real Decreto 2271/2004, de 3 de decembro polo que se regula o emprego público e a provisión de postos de traballo as persoas con discapacidade, sinálase:



No artigo 2, que para participar deberá “(...) o grao de minusvalía sexa igual ou superior ao 33%”.

No artigo 3.2, Convocatorias ordinarias con reserva de prazas para persoas con discapacidade, “Co fin de avanzar no propósito de conseguir a igualdade de oportunidades, no suposto de que algún dos aspirantes con discapacidade que se presentara pola cota de reserva de persoas con discapacidade superase os exercicios correspondente, pero non obtivera praza e a súa puntuación fora superior á obtida polos outros aspirantes do sistema de acceso xeral, será incluído pola súa orde de puntuación no sistema de acceso xeral”.

No artigo 3.3 “As probas selectivas terán idéntico contido para todos os aspirantes, independentemente da quenda pola que se opte, sen prexuízo das adaptacións previstas no artigo 8. Durante o procedemento selectivo darase un tratamento diferenciado ás dúas quendas, no que se refire ás relación de admitidos, os chamamentos e os exercicios e a relación de aprobados. Non obstante, ao rematar o proceso, elaborárase unha relación única na que se incluírán todos os candidatos que superasen todas as probas selectivas, ordenados pola puntuación total obtida, con independencia da quenda pola que participaran. Dita relación será a determinante para a petición e a adxudicación de destino, excepto o previsto no artigo 9”.

g) Criterios de adaptación de tempos adicionais.

Para a adaptación de tempos adicionais, estarase ao disposto na Orde 1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

h) Cumprimento da legalidade.

Artigo 55.1 do TRLEBEP, “todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”

Artigo 55.2, “as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:

- a) Publicade das convocatorias e das súas bases.
- b) Transparencia.
- c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
- d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
- e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.
- f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.

Artigo 61.1, “os procesos selectivos terán carácter aberto, garantindo a libre concorrencia sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas.

As bases cumpren a lexislación vixente asegurando a libre concorrencia e os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

5.- Proposta de acordo.

Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de oposición libre, para o ingreso como persoal funcionario, na Deputación Provincial de Lugo, en 3 prazas de Auxiliar da Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar, Grupo C- Subgrupo C2 que a continuación se sinalan, vacantes e dotadas, incluídas nas ofertas públicas de emprego dos anos 2019 (BOP núm. 299, do 31.12.2019) e 2021 (BOP núm.296, do 28.12.2021):



Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA/ Nº POSTO	DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO / SUBGRUPO	COTA
3	2019	778/1143	AUXILIAR A.X / AUXILIAR ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala auxiliar.	C / C2	Reserva para persoas con capacidades diferentes
	2021	978/1722				Reserva para persoas con capacidades diferentes
	2021	955/1635				Xeral

Con respecto ás bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, estarase ás aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12 de marzo de 2021, publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo.

3º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO PARA A COBERTURA DE 7 PRAZAS/ POSTOS DE CAPATAZ DE CAMIÑOS, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE PERSOAL DE OFICIOS, CATEGORÍA MESTRE, GRUPO C- SUBGRUPO C1. DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO RESERVADAS A PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Celebrado o procedemento selectivo para prover sete prazas de Capataz de Camiños, do cadro de persoal funcionario, reservadas a promoción interna vertical, grupo C, subgrupo C1, correspondentes á Oferta de Emprego para o ano 2018, cuxas bases xerais fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia número 89 e 112, de 20 de abril e 18 de maio de 2020, e cuxa convocatoria e bases específicas foron publicadas no BOP nº 193, de 23 de agosto de 2021; vista a proposta do Tribunal Cualificador; visto que a documentación que acredita os requisitos aos que se refire a base xeral 4 e a base específica 4 que rexen a convocatoria figura no expediente persoal das persoas interesadas ou está acreditada mediante certificación, cumprindo polo tanto o establecido no artigo 56 da Lei 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público; esta Presidencia, en representación do Tribunal Cualificador e de acordo coa base xeral 11, propón á Xunta de Goberno resolver definitivamente o procedemento selectivo nomeando a:

Don Armando González Barreira, para ocupar a praza de Capataz de Camiños, número 932, escala administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, categoría mestre, grupo C, subgrupo C1 (artigo 76 da Lei 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público) do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego 2018, reservada a promoción interna vertical e o posto de traballo denominado Capataz número 1506.

Don Víctor Luaces Luaces, para ocupar a praza de Capataz de Camiños, número 933, escala administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, categoría mestre, grupo C, subgrupo C1 (artigo 76 Lei 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público) do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego 2018, reservada a promoción interna vertical e o posto de traballo denominado Capataz número 1507.

Don David Ferreiro Chousa, para ocupar a praza de Capataz de Camiños, número 934, escala administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, categoría mestre, grupo C, subgrupo C1 (artigo 76 da Lei 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público) do cadro de persoal funcionario,



correspondente á Oferta de Emprego 2018, reservada a promoción interna vertical e o posto de traballo denominado Capataz 1508.

Don Luís Miguel Notario Iglesias, para ocupar a praza de Capataz de Camiños, número 935, escala administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, categoría mestre, grupo C, subgrupo C1 (artigo 76 da Lei 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público) do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego 2018, reservada a promoción interna vertical e o posto de traballo denominado Capataz número 1509.

Don Pablo Carreira Uceda, para ocupar a praza de Capataz de Camiños, número 936, escala administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, categoría mestre, grupo C, subgrupo C1 (artigo 76 da Lei 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público) do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego 2018, reservada a promoción interna vertical e o posto de traballo denominado Capataz número 1510.

Don José Luis Gil García, para ocupar a praza de Capataz de Camiños, número 937 escala administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, categoría mestre, grupo C, subgrupo C1 (artigo 76 da Lei 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público) do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego 2018, reservada a promoción interna vertical e o posto de traballo denominado Capataz número 1511.

Don Elías Vázquez Lorenzo, para ocupar a praza de Capataz de Camiños, número 938, escala administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, categoría mestre, grupo C, subgrupo C1 (artigo 76 da Lei 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público) do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego 2018, reservada a promoción interna vertical e o posto de traballo denominado Capataz número 1512.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº136/2022-F.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co oficio remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade o expediente do recurso nº 136/2022-F seguido a instancia de Mº del Interior-Secretaria Gral de Instituciones Penitenciarias fronte a esta entidade en materia de impugnación de liquidación tributaria, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso- administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

16.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.



E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e dezasete minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.